

5

**desenvolvimento
rexional**



infraestructuras

O ESTUDIO DA SITUACIÓN das infraestructuras parte da información facilitada polo Ministerio de Fomento, Renfe, FEVE, a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE), Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, os presupostos Xerais da Xunta e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). A primeira parte deste capítulo está dedicada ó estudio das infraestructuras de transporte (terrestres, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias), unha segunda parte centrada no estudio do investimento en materia de infraestructuras hidráulicas e, finalmente, trátase o tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Cómpre salientar que Galicia conta con 29.964 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que supón un maior esforzo adicional en infraestructuras.

Tal e como reflicte o **cadro C.5.7.** (*Investimento público real territorializado*

por axentes das administracións públicas 2000-01: presupostos iniciais), tódolos axentes das administracións públicas agás o Estado incrementaron no ano 2001 o seu investimento público real territorializado en Galicia, de tal xeito que a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1998-2001 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 51,4%; os Concellos, cun 22,4%; o Estado, cun 19,9%; e as Deputacións, cun 6,3%.

No concernente á distribución territorial do investimento público do estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. (último dato: 2000), cómpre salientar que Galicia acadou o 4,5% do total, pero, malia a mellora das cifras absolutas, cunha evolución negativa respecto ó ano anterior do 5,7%.

Como punto de partida, no ano 2001 presentouse o **Plan Director de Infraestruc-**

5.

Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010: Resumo final de investimentos

	Investimento	Inv./ Total Inv.
	(en millóns de €)	(%)
Investimentos en obras hidráulicas	1.361,3	13,9
Saneamento e depuración de augas residuais	851,4	8,7
Abastecemento e regulación dos recursos hidráulicos	382,3	3,9
Defensa de inundacións, mellora de marxes e recuperación de entornos degradados	127,6	1,3
Investimentos en Portos	1.043,4	10,6
Portos de interese xeral do estado	821,0	8,4
Plan de investimentos 2001-2005	439,0	4,5
Outros investimentos 2005-2010 (1)	382,0	3,9
Portos de Galicia	222,4	2,3
Investimento en solo empresarial	180,3	1,8
Investimento en estradas	3.890,1	39,7
Rede do estado	1.997,5	20,4
Autoestradas	660,0	6,7
Autovías	1.191,9	12,2
Estradas convencionais	145,6	1,5
Rede autonómica	1.330,3	13,6
Vías de alta capacidade	584,5	6,0
Rede convencional	745,8	7,6
Rede áreas urbanas de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Santiago	562,2	5,7
Investimento en ferrocarril	3.329,2	34,0
Programa alta velocidade (2)	3.013,3	30,7
Conexión coa meseta iredo interior en alta velocidade	2.297,1	23,4
Eixo Atlántico	716,2	7,3
Programa rede convencional	315,9	3,2
Total Investimentos PDI 2001-2010	9.804,3	100

(1) Pendente de aprobación do estudo de viabilidade económico-financieiro do Porto Exterior de A Coruña

(2) Non inclúe o investimento a realizar no corredor Vigo-Porto

Fonte: Xunta de Galicia, Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010

5.

turas de Galicia 2001-2010, que presenta como obxectivos xerais a potenciación do desenvolvemento económico de Galicia, a corrección de desequilibrios sociais e económicos entre áreas territoriais e estratos de poboación, unha mellora na calidade de vida e a utilización racional e eficaz dos recursos naturais.

Nos dez anos de vixencia do plan está previsto un investimento de 9.804,3 millóns de euros, dos que o 39,7% corresponde ó investimento en estradas (3.890,1 millóns de euros), o 34% ó investimento en ferrocarril (3.329,2 millóns de euros), o 13,9% ó investimento en obras hidráulicas (1.361,3 millóns de euros), o 10,6% (1.043,4 millóns de euros) ó investimento en portos, e o 1,8% restante (180,3 millóns de euros), ó investimento en solo empresarial.

Infraestructuras de transporte terrestre

Respecto ás infraestructuras terrestres por **estradas**, os datos do anuario estatístico 2000 do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta no ano 2000 por 79.128 quilómetros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.169 km están a cargo dos Entes Territoriais e 2.203 quilómetros, a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.1.2.** reflicte que o 28,9% (633 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 65,2% dos mesmos, 9.883 quilómetros, están a cargo das Deputacións provin-

CADRO 5.1.2.

Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 1999-00

	1999				2000			
	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.
	(en quilómetros)							
Andalucía	88.923	3.268	1.323	10.766	88.911	3.229	1.291	10.799
Aragón	45.497	2.188	444	5.408	45.503	2.194	450	5.408
Asturias	18.109	707	177	4.158	18.122	714	184	4.164
Baleares	9.415	-	-	1.404	9.427	-	-	1.415
Canarias	12.401	-	-	-	12.579	-	-	-
Cantabria	8.131	558	130	2.033	8.131	559	135	2.033
Castela-A Mancha	81.520	3.401	852	7.973	81.541	3.418	875	7.971
Castela e León	116.493	4.855	1.157	11.308	116.546	4.879	1.187	11.305
Cataluña	61.726	1.934	741	5.492	61.757	1.962	763	5.504
C. Valenciana	41.186	1.809	830	2.799	41.189	1.801	821	2.810
Extremadura	36.768	1.357	267	3.844	36.357	1.357	267	3.671
Galicia	79.126	2.201	635	5.123	79.127	2.203	633	5.119
Madrid	16.480	594	482	2.532	16.496	618	506	2.524
Murcia	14.598	607	285	3.039	14.599	606	285	3.041
Navarra	12.738	39	39	3.776	12.608	39	39	3.646
País Vasco	13.788	164	160	-	13.797	89	85	-
A Ríoxa	7.822	417	135	1.392	7.819	412	135	1.394
Ceuta e Melilla	101	25	-	33	101	25	-	33
Total	664.822	24.124	7.657	71.080	664.610	24.105	7.656	70.837

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.3.

Índices da rede de estradas do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións e Cabildos 1999-00 ⁽¹⁾

	1999				2000			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,40	142,17	483,03	0,28	3,36	148,87	500,54
Aragón	0,21	8,60	59,75	513,57	0,21	8,57	61,68	528,88
Asturias	0,46	4,50	101,17	454,98	0,46	4,50	103,66	466,35
Baleares	0,43	2,72	314,40	854,21	0,44	2,65	323,79	857,32
Canarias	0,59	2,61	252,75	659,94	0,60	2,65	255,26	676,48
Cantabria	0,49	4,92	101,88	500,75	0,49	4,90	106,42	521,97
Castela-A Mancha	0,24	10,88	46,39	504,63	0,24	10,83	48,75	527,74
Castela e León	0,35	13,25	37,47	496,44	0,35	13,25	38,66	512,19
Cataluña	0,38	1,95	324,28	633,63	0,38	1,94	332,16	644,41
C. Valenciana	0,36	2,10	328,28	605,00	0,36	2,08	298,86	620,96
Extremadura	0,22	8,52	54,31	462,52	0,21	8,10	59,54	482,35
Galicia	0,58	6,31	80,75	509,88	0,58	6,30	83,49	526,10
Madrid	0,39	0,61	1.048,23	643,60	0,39	0,61	1.091,69	666,64
Murcia	0,32	3,27	175,49	573,79	0,32	3,22	184,81	595,54
Navarra	0,37	7,19	84,31	605,94	0,35	6,85	90,38	619,02
País Vasco	0,60	2,07	235,53	487,52	0,60	2,07	241,57	500,63
A Ríoxa	0,36	6,86	76,84	527,22	0,36	6,81	79,70	542,80
Total	0,32	4,11	136,84	562,35	0,32	4,07	141,84	577,06

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-1998

(3) poboación oficial a 1-1-1999

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.4.

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 1996-00 ⁽¹⁾

Administracións públicas	Estado	Entes Territoriais			Deputacións e Cabildos	Administracións públicas	Estado	Entes Territoriais			Deputacións e Cabildos
		Total	Comunidades Autónomas	Comunidades Autónomas				Total	Comunidades Autónomas		
(en miles de € / 1000 hab.) (2)					(en miles de € / quilómetro de rede)						
Andalucía	76,87	47,84	29,03	20,55	8,47	22,84	108,24	9,92	13,88	5,89	
Aragón	164,26	120,02	44,23	33,42	10,82	19,17	64,91	6,55	7,33	4,99	
Asturias	215,04	109,68	105,36	105,36	-	47,78	166,60	27,47	27,47	-	
Baleares	43,33	-	43,33	37,98	5,35	16,89	-	16,35	22,06	5,77	
Canarias	83,96	-	83,96	-	83,96	31,67	-	31,67	-	31,67	
Cantabria	208,73	151,82	56,92	56,92	-	42,55	143,52	14,78	14,78	-	
Castela-A Mancha	167,20	84,14	83,06	71,64	11,42	15,33	42,49	9,38	15,51	2,70	
Castela e León	209,69	135,05	74,65	57,52	17,13	15,87	68,88	6,67	12,68	2,64	
Cataluña	75,49	43,87	31,61	26,75	4,87	38,89	138,77	19,47	30,17	6,55	
C. Valenciana	79,99	42,07	37,92	28,97	8,96	38,52	94,96	23,20	41,89	9,50	
Extremadura	104,70	45,62	59,08	41,83	17,25	12,92	36,12	8,65	12,26	5,05	
Galicia	164,14	113,89	50,24	33,84	16,41	26,02	141,12	9,14	18,03	4,57	
Madrid	29,39	16,95	12,44	12,44	-	48,14	141,36	25,30	25,30	-	
Murcia	76,09	47,06	29,03	29,03	-	23,62	87,81	10,82	10,82	-	
Navarra	157,10	-	157,10	157,10	-	22,96	-	23,20	23,20	-	
País Vasco	82,16	-	82,16	-	82,16	39,61	-	40,45	-	40,45	
A Ríoxa	123,93	63,77	60,16	60,16	-	18,21	41,05	11,42	11,42	-	
Total	101,09	56,86	44,23	31,31	12,20	24,88	94,84	12,74	17,79	7,15	

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-1999

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.5.

Investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia 2001 e total 1997-01

	2001				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en miles de €)				
Infr. e Cons. de estradas	21.000,0	104.354,9	14.200,7	20.031,7	163.848,5
Infr. e Apoio ó Transp.Ferrov. (1)	40.252,2	13.330,4	6.436,8	6.324,5	92.930,9
Com. Postais e Telegráficas	1.741,1	209,8	296,9	173,1	2.420,9
Vivenda (2)	5.344,2	420,1	289,1	214,6	28.454,3
Infraest. e Explot. Portuaria	31.050,1	-	-	16.744,8	47.794,9
Infraestructura Aeroportuaria	7.847,4	-	-	1.755,6	9.603,0
Resto M. Fomento	474,2	150,3	203,1	423,7	1.292,2
Total	107.709,2	118.465,5	21.426,7	45.667,9	346.344,6

	Total 1997- 01				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en miles de €)				
Infr. e Cons. de estradas	210.004,4	585.716,3	374.743,7	170.025,1	1.418.276,2
Infr. e Apoio ó Transp.Ferrov. (1)	64.816,8	27.558,8	11.219,1	11.001,5	186.205,6
Com. Postais e Telegráficas	8.998,4	2.456,3	3.026,1	5.337,6	19.818,4
Vivenda (2)	21.058,3	5.859,3	5.198,8	11.357,3	164.010,2
Infraest. e Explot. Portuaria	83.963,2	-	-	85.656,8	169.620,0
Infraestructura Aeroportuaria	31.591,0	-	-	6.346,7	37.937,7
Resto M. Fomento	1.723,7	783,7	622,6	1.910,0	51.233,9
Total	422.155,7	622.374,5	394.810,3	291.635,1	2.047.101,9

(1) D.G. Ferrocarris + GIF + RENFE + FEVE

(2) D.G. Vivendas + SEPES

Fonte: Ministerio de Fomento

ciais, e 5.119 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ó **investimento medio** na rede de estradas do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións e Cabildos no período 1996-00, o **cadro 5.1.4.** amosa que Galicia é a sexta comunidade na que máis se inviste por habitante, con 164,1 miles de euros por cada 1.000 habitantes, tan só superada por Aragón (164,2 miles de euros por cada 1.000 habitantes), Asturias (215,0), Cantabria (208,7), Castela A Mancha (167,2) e Castela e León (209,7). En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período, a 26,0 miles de euros, sendo a oitava comunidade na que máis se inviste, por detrás de Asturias (47,8 miles de euros por quilómetro de rede), Canarias (31,7), Cantabria (42,6), Cataluña (38,9), a C. Valenciana (38,5), Madrid (48,1) e o País Vasco (39,6).

Tal e como reflicte o **cadro 5.1.5.** o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia en infraestructuras e con-

servación de estradas ascendeu a 163,8 millóns de euros no ano 2001. A provincia de Lugo é a que acolle a meirande parte do devandito investimento, con 104,4 millóns de euros, fronte ós 21 millóns de euros de A Coruña, os 20,0 millóns de euros de Pontevedra e os 14,2 millóns de euros na provincia de Ourense.

No quinquenio 1997-01, o investimento nas estradas galegas foi de 1.418,3 millóns de euros, o que representa o 69,3% do total investido nese tempo. As provincias de Lugo e Ourense, por mor da finalización da autovía do Noroeste e a autovía das Rías Baixas, son as que acollen a maior parte do investimento, con 585,7 millóns de euros e 374,7 millóns de euros, respectivamente.

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2001 recóllense os principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.6.** O investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 110,2 millóns de euros,

CADRO 5.1.6.

Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes 2000-01

413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre		2000	2001	01/00
		(en miles de €)		%
600	Mellora da accesibilidade	2.500,2	9.733,8	289,3
610	Infraestruturas de mellora de da accesibilidade	-	374,3	-
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	24,0	258,4	975,0
625	Mobiliario e utensilios	-	12,0	-
626	Equipos para procesos informáticos	-	30,1	-
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	480,8	601,9	25,2
413 B Construcción, conservación e explotación de estradas		2000	2001	01/00
600	Infraestructura de mellora da accesibilidade	65.582,4	96.964,2	47,9
610	Infraestructura de mellora da accesibilidade	18.222,7	11.140,4	-38,9
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	601,0	450,8	-25,0
625	Mobiliario e útiles	6,0	120,2	1.900,0
626	Equipos para procesos de información	120,2	30,1	-75,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.502,5	1.502,5	0,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

un 28,1% máis que o presupostado no ano anterior.

O **cadro C.5.2.** (*Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas da CPTOPV 2000-01*) recolle a evolución de investimento realizado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en estradas, portos e obras hidráulicas. Este investimento rexistrou no ano 2001 unha medra do 10,7%, para acadalos 184,6 millóns de euros, dos que 100,3 millóns de euros corresponden á Dirección Xeral de Obras Públicas (un 19,7% máis que no ano 2000). O outro organismo que experimentou unha medra do seu investimento foi Portos de Galicia, cun 6,3% máis que no ano anterior, acadando os 21,1 millóns de euros no ano 2001. O investimento de Augas de Galicia e en Obras e Servicios Hidráulicos mantívose nos 63,1 millóns de euros e 30,1 miles de euros, respectivamente.

O **cadro 5.1.1.** amosa que o PDI 2001-2010 dedica un total de 3.890,1 millóns de euros ó investimento en estradas (o 39,7% do investimento total), dos que 1.997,5 millóns de euros corresponden ó investimento na rede do estado, 1.330,3 millóns de euros á rede autonómica, e os 562,2 millóns de euros restantes, ó investimento na rede de estradas das

áreas urbanas de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Santiago.

No que ás **infraestructuras ferroviarias** se refire, o **cadro 5.1.5.** sinala que o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2001 en infraestructuras e apoio ó transporte ferroviario ascendeu a 92,9 millóns de euros, o que representa o 49,9% do total investido no período 1997-01 (186,2 millóns de euros).

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 5.1.5.** reflicte que no ano 2001 a provincia de A Coruña é quen recibe a meirande parte do investimento ó acoller un total de 40,3 millóns de euros, fronte ós 13,3 millóns investidos en Lugo. No período comprendido entre 1997 e o ano 2001, o investimento na provincia de A Coruña foi de 64,8 millóns de euros e no caso de Lugo, de 27,6 millóns de euros.

O investimento de Renfe en Galicia, **cadro C.5.3.** (*Investimentos totais de Renfe 2000-01*), ascendeu no ano 2001 a 64,5 millóns de euros, o que representa o 11,2% do investimento total rexionalizable (573,7 millóns de euros). Atendendo á súa desagregación provincial, o devandito cadro amosa que o investimento na provincia de A Coruña

CADRO 5.1.7.

Investimentos de FEVE en Galicia 2000-01 ⁽¹⁾

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
A Coruña	101,9	1.480,8	1353,6
Lugo	140,6	0,2	-99,9
Total	242,4	1.481,0	510,8

(1) os datos do 2001 son provisionais
Fonte: FEVE

ascendeu a 38,9 millóns de euros e no caso de Lugo a 13,5 millóns de euros.

O investimento de FEVE en Galicia no ano 2001, **cadro 5.1.7.**, medra ata os 1,5 millóns de euros, fronte ós 0,2 millóns de euros do ano anterior. O devandito cadro reflicte que case a totalidade deste investimento realízase na provincia de A Coruña.

No período 2001-2010 está previsto un investimento de 3.329,2 millóns de euros nas infraestruturas ferroviarias (o 34% dos investimentos do PDI), dos que 3.013,3 millóns de euros corresponden ó programa de alta velocidade, e os 315,9 millóns de euros restantes, ó programa de rede convencional (**cadro 5.1.1.**).

Infraestruturas portuarias e aeroportuarias

O investimento en **infraestruturas portuarias** en Galicia ascendeu a 69,8 millóns de euros no ano 2001, dos que 47,8 millóns de euros corresponde ó investimento realizado polo Ministerio de Fomento nos portos de interese xeral, e 22,0 millóns de euros ó investimento no resto dos portos de Galicia. Comparado co ano anterior, o investimento no conxunto dos portos galegos rexistrou unha medra do 32%.

• Portos de interese xeral do Estado

Tal e como reflicte o **cadro 5.1.5.** o investimento do Ministerio de Fomento no ano 2001 en materia de infraestruturas e

explotación portuaria, foi de 47,8 millóns de euros, o que representa un 43,1% máis que no ano anterior. Nos portos da provincia de A Coruña este investimento ascendeu a 31,1 millóns de euros (un 163,6% superior ó rexistrado no ano 2000) mentres que nos portos da provincia de Pontevedra o investimento acadou os 16,7 millóns de euros (un 22,7% menos que no 2000).

No quinquenio 1997-01 o investimento en materia portuaria foi de 169,6 millóns de euros, dos que 85,7 corresponderon á provincia de Pontevedra e 84,0 millóns de euros á provincia de A Coruña.

O Plan Director de Infraestruturas prevé que nestes portos o investimento ascenderá a 821,0 millóns de euros (o 8,4% do investimento total do PDI), dos que 439,0 millóns de euros corresponden ó Plan de investimentos 2001-05.

• Portos da Comunidade Autónoma

O investimento en infraestruturas portuarias ó longo do ano 2001 ascendeu a 22,0 millóns de euros, un 13,4% máis que o investido ó longo do ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro C.5.4.** (*Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 2000-01*) reflicte que o investimento nos portos da provincia de A Coruña acadou os 12,1 millóns de euros, un 26,3% máis que no ano 2000. O investimento nos portos da provincia de Pontevedra descendeu lixeiramente, un 0,5% respecto ó ano anterior, mentres que os da provincia de

Lugo ven como o investimento medra un 4,8%.

Atendendo ós diferentes tipos de obras, o **cadro 5.1.8.** reflicte que no ano 2001 os investimentos máis importantes son os de obras de atraque, que abrangue o 39,2% do investimento (8,6 millóns de euros), os de obras de abrigo e dársenas e os de pavimentos, calzadas e vías de circulación, co 23% (5,1 millóns de euros) e 21,9% (4,8 millóns de euros), respectivamente.

No período 2001-10 o PDI prevé un investimento de 222,4 millóns de euros, o que representa o 2,3% do investimento total do PDI.

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, no ano 2001 o investimento descendeu dende os 10,8 millóns de euros do ano 2000 ata os 8,1 millóns de euros do ano 2001 (**C.5.5.:** *Investimentos en infraestructuras aeroportuarias 2000-01*).

Desagregando o investimento en cada un dos aeroportos galegos, o aeroporto de Santiago foi o que máis investimentos recibiu, cun total de 6,1 millóns de euros (o 74,6% do total investido nos aeroportos galegos no ano 2001). Comparado co ano anterior, este aeroporto foi o único que rexistrou unha medra no volume total de investimentos (un 43,1% máis), mentres que nos aeroportos de A Coruña e Vigo o investimento descendeu un 74% e un 56,5%, respectivamente.

Considerando o investimento en Galicia no período 1994-01, **cadro C.5.5.**, este ascendeu a 18,6 millóns de euros, dos que o aeroporto de Santiago recibiu 27,9 millóns de euros, e os de A Coruña e Vigo, 21,8 e 21,1 millóns de euros, respectivamente.

Infraestructuras hidráulicas

O Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010 destina un total de 1.361,3 millóns de euros ó investimento en obras

hidráulicas (o 13,9% do investimento total do Plan), dos que a Xunta de Galicia aporta o 61,3% (835 millóns de euros).

Atendendo ós diferentes grupos de investimento, o **cadro 5.1.1.** reflicte que o investimento máis importante é o de saneamento e depuración de augas residuais, que abrangue o 62,5% do investimento en infraestructuras hidráulicas (851,4 millóns de euros). O investimento en obras de abastecemento e regulación dos recursos hidráulicos foi de 382,3 millóns de euros (o 28,1%) e o investimento en obras de defensa de inundacións, mellora de marxes e recuperación de entornos degradados acadou os 127,6 millóns de euros (9,4%).

A Lei 10/2001, de 5 de xullo, aprobou o Plan Hidrolóxico Nacional 2001-2008. O programa de investimentos para o período de vixencia do mesmo contempla un investimento total de 23.050,5 millóns de euros, dos que 4.207,1 millóns de euros destínanse á transferencia dende o Ebro ás cuncas deficitarias (Júcar e Segura). Os restantes 18.843,4 millóns de euros destínanse ás actuacións de planificación nas diferentes cuncas hidrográficas.

O **cadro 5.3.4.** (*Reparto de investimentos do Plan Hidrográfico Nacional 2001-2008*) amosa que o investimento en Galicia ascenderá a 591,7 millóns de euros, o que representa o 3,1% do investimento total.

Parques tecnológicos e empresariais

Os parques tecnológicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outras, as industrias de transformación da madeira, ou sectores da prezo, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

O **cadro 5.1.9.** reflicte unha comparación entre catro características (superficie, prezos de venda, emprego e número de

CADRO 5.1.8.

Investimentos de Portos de Galicia 2000-01

	2000				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	-	-	-	41.074,85	41.074,85
Accesos marítimos	164.461,78	34.760,30	-	-	199.222,09
Obras de abrigo e dársenas	1.078.913,19	927.446,64	-	958.119,51	2.964.479,34
Obras de ataque	4.979.709,43	1.423.265,61	-	3.158.183,30	9.561.158,34
Edificacións	1.700.188,03	3.252,50	-	1.327.188,11	3.030.628,65
Instalacións xerais	291.018,28	60.236,62	-	224.141,27	575.396,18
Pavimentos, calzadas e vías circulación	1.309.578,40	140.826,98	-	1.560.341,00	3.010.746,38
Equipos manipulación mercadorías	-	-	-	15.025,30	15.025,30
Outras instalacións	27.796,81	-	-	-	27.796,81
Total	9.551.665,92	2.589.788,66	-	7.284.073,35	19.425.527,92

	2001				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	23.261,70	-	-	19.455,30	42.717,00
Accesos marítimos	79.540,27	-	-	-	79.540,27
Obras de abrigo e dársenas	2.633.641,60	1.469.484,16	-	974.707,44	5.077.833,20
Obras de ataque	5.340.429,90	592.916,95	-	2.702.912,28	8.636.259,13
Edificacións	1.592.637,02	333.983,74	-	604.597,44	2.531.218,20
Instalacións xerais	476.894,96	62.385,59	-	232.679,61	771.960,15
Pavimentos, calzadas e vías circulación	1.908.830,99	254.132,17	-	2.661.671,12	4.824.634,28
Outras instalacións	12.008,56	-	-	-	12.008,56
Outro inmovilizado material	-	-	-	53.526,34	53.526,34
Total	12.067.245,00	2.712.902,62	-	7.249.549,54	22.029.697,15

Fonte: Portos de Galicia

CADRO 5.1.9.

Parques tecnológicos en España 2001

	Superficie total	Prezos venda	Emprego	Nº de empresas
	(m ²)	(€/m ²)		
Alava	1.171.864	60,10 - 51,09	2.175	66
Alcalá de Henares	375.000	Non ten parcelas á venda	-	-
Andalucía	1.864.953	76,01	3.661	206
Asturias	610.000	34,26	1.325	64
Baleares	1.400.000	240,40 construído	325	13
Barcelona	25.864	Alúganse despachos e edificios: 8,71 e 18,66 m ² /mes	700	60
Castela e León	1.155.253	36,06	3.625	77
Galicia	514.438	45,08	396	41
Gijón	217.000	90,15	90	11
Parque científico do Mediterráneo	1.300.942	Non ten parcelas á venda	-	-
San Sebastián	1.300.000	99,17	1.620	40
Sevilla	949.800	17,65 máis IVE	6.833	227
PT del Vallès	585.000	Non ten parcelas á venda	3.486	143
Vigo	874.195	Non ten precio de venda	-	-
Bizkaia	1.880.864	84,14	4.800	109
Campus de Ciencias da Saude de Granada	503.500	Non ten parcelas á venda	-	-

Fonte: Asociación de Parques Tecnolóxicos de España

CADRO 5.1.10.

Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	Operativos	En execución	En curso	En estudio de viabilidade
Galicia	36	9	25	31
A Coruña	13	0	6	12
Lugo	12	5	8	5
Ourense	5	4	5	0
Pontevedra	6	0	6	14

(1) Actualización a 29 de abril de 2002

Fonte: Elaboración CES-Galicia a partir de datos do IGVS

CADRO 5.1.11.

Parques empresariais en promoción do IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
En execución		Begonte Cervo Guitiriz Quiroga Xermade	O Barco de Valdeorras Ribadavia San Cibrao de Viñas Verín	
En curso	Porto do Son Rianxo Padrón Oroso Santa Comba Ortigueira	Barreiros Monterroso Palas de Rei Lugo Mondoñedo Foz Vilalba Lorenzá	Celanova Entrimo Pereiro de Aguiar Vilamarín Xinzo	Arbo Bueu 2ª fase Lalín 3ª fase Pontevedra 2ª fase Salceda de Caselas Salvaterra (Plataforma)
En estudio de viabilidade	Couso-Ribeira Muros Negreira Brión Cee Vimianzo Coristanco Arteixo Abegondo Cedeira Cariño Vilasantar	Meira Outeiro de Rei Pontenova Taboada Viveiro		A Garda-O Rosal Ponteareas O Covelo Vigo-Liñeiríos Vigo-A Garrida Cangas Soutomaior Pontecaldeas Sanxenxo Meis-Barro Vilanova de Arousa Illa de Arousa Caldas de Reis Catoira

(1) última actualización a 28/06/2002

Fonte: Elaboración propia a partir de datos IGVS

empresas) dos parques tecnolóxicos españois segundo a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE). O Parque Tecnolóxico de Galicia, emprazado en Sao Cibrao de Viñas, ten unha superficie de 514.438 metros cadrados, sendo o prezo de venda das parcelas de 45,08 euros por metro cadrado.

Nas 41 empresas emprazadas no parque traballan un total de 396 persoas. Comparado co total estatal, o devandito cadro amosa que a superficie do Parque Tecnolóxico de Galicia representa o 3,5% da superficie total, sendo o

peso relativo do emprego e do número de empresas, do 1,4% e 3,9%, respectivamente.

Ó carón destes parques tecnolóxicos hai en Galicia un total de 36 parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 1.436 parcelas e unha superficie comercial de 2.414.973 metros cadrados. O **cadro C.5.6. (Parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e Xestur)** recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias, observando que os

parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial son os de Pontevedra e Lalín na provincia de Pontevedra, Somozas e Culleredo en A Coruña, e finalmente Vilalba en Lugo.

Xunto a estes parques operativos, a 29 de abril do ano 2002 había un total de 9 parques en execución, 25 en curso e 31 en estudo de viabilidade (**cadros 5.1.10. e 5.1.11.**)

Finalmente, cómpre salientar que o Plan Director de Infraestructuras, **cadro 5.1.1.**, prevé un investimento en solo empresarial de 180,3 millóns de euros (o 1,8% do investimento total do Plan). ■

